LUCES DA CIDADE
[*City Lights*, Charles Chaplin, 1931, EUA, 82', VO]

Dirección, guión, montaxe e música **Charles Chaplin**
Fotografía **Rollie Totheroh, Gordon Pollock**
Reparto **Charles Chaplin, Virginia Cherrill, Florence Lee, Harry Myers, Allan Garcia, Hank Mann, Jack Alexander, Tom Dempsey, Henry Bergman**
Produtora **United Artists**
Distribución **A contracorriente**

Deambulando pola cidade, un vagabundo coñece unha pobre florista cega, da que namora completamente. Co obxectivo de axudala, acepta unha chea de traballos e situacións variadas mentres se fai amigo dun excéntrico millonario que só o recoñece cando está bébedo.

Escrita, dirixida e interpretada por Charles Chaplin, en *Luces da cidade* a amizade e as clases sociais non sempre son o que parecen. Un relato cheo de escenas memorables, que mestura o humor máis hilarante coa tenrura e tristeza máis conmovedora.

VINDEIRAS SESIÓNS NOVEMBRO 2022

MARTES 15
ESPÍRITU SAGRADO
(Chema García Ibarra, 2021)

MARTES 22
DIANTE DE TI
(Hong Sangsoo, 2021)

LUNS 28
ORFEO
(Jean Cocteau, 1950)

MARTES 29
OUTSIDE NOISE
(Ted Fendt, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #37
14.11.2022

LUCES DA CIDADE

CHARLES CHAPLIN

CINECLUBE PONTEVEDRA | FILMOTECA DE GALICIA

PANTOMIMA E COMEDIA

Por Charles Chaplin

O feito de que os filmes mudos ou sen diálogo fosen acantoados ultimamente no medio da histeria producida pola introdución do discurso baixo ningún concepto significa a súa extinción ou que a pantalla de cine estea presenciando o seu final. *Luces da cidade* pono en evidencia. Estrearase o seis de febreiro en Nova York no teatro de George M. Cohan e trátase dun filme sen diálogo, aínda que sincronizado.

Por que continuei facendo filmes sen diálogos? O cinema mudo, antes de nada, é unha forma de expresión universal. Os filmes falados teñen necesariamente un campo limitado, quedan restrinxidos á lingua particular de grupos particulares. Confío en que o futuro ha ser testemuña da volta ao interés polas producións mudas, porque hai unha demanda constante dun medio cuxa utilidade é universal. É axiomático que o verdadeiro drama debe ter unha aparencia universal —a palabra elemental sería mellor— e creo que o medio escollido para representalo debe ser así mesmo universal antes que restrinxido.

Enténdase que considero o filme sonoro coma unha valiosa achega á arte dramática independentemente das súas limitacións; mais contémploo coma unha achega, non coma un substituto. Certamente non podería ser substitutivo de filmes que tan notablemente desenvolveron a arte da pantomima durante os seus breves vinte anos no campo da narración. Despois de todo, a pantomima foi sempre un medio universal de comunicación. Existiu como ferramenta universal moito antes de que nacese a linguaxe. A pantomima é útil onde as linguas son a causa da mutua ignorancia. O home primitivo serviuse da linguaxe dos signos antes de ser quen de formar unha palabra intelixible.

Especúlase co momento da historia en que fixo a súa primeira aparición a pantomima. Sen dúbida, anticípase en gran medida aos primeiros logros conseguidos por esta na cultura grega. Acadou un alto e definitivo desenvolvemento en Roma e é un factor distintivo dos misterios medievais. No antigo Exipto utilizábase habitualmente e nos ritos sacrificiais druídas e nas danzas guerreiras aborixes de calquera terra ocupan un lugar fixo.

A pantomima está na base de calquera forma dramática: na versión muda da obra de cinema é a nota clave; na súa versión sonora sempre será unha nota esencial, porque o drama sen forza visual déixalle demasiadas cousas á imaxinación. Se hai algunha dúbida ao respecto, un bo exemplo sería a obra radiofónica.

A acción enténdese xeralmente mellor cás palabras. Coma no simbolismo chinés, significará cousas diferentes dependendo da connotación escénica. Escoiten a descrición dun obxecto que non lles resulte familiar —un porco verrugoso africano, por exemplo— e descríbano a continuación; obsérvese unha foto do animal e compróbese a variedade do asombro.

Cada vez óese máis dicir que os nenos xa non queren ir ao cinema; e sen dúbida é certo que centos de miles de clientes potenciais, de futuros espectadores, a mocidade que previamente se emocionaba fronte a pantalla muda xa non quere volver porque se sente incapaz de seguir os diálogos con rapidez. Por outra parte, seguen a acción sen dificultade. Isto é así porque o ollo está mellor entrenado có oído. Non hai nada en *Luces da cidade* que un neno non poida seguir e entender facilmente.

Son un cómico e sei que a pantomima é máis importante na comedia ca no drama puro. Pode que mesmo sexa máis eficaz na farsa ca na simple comedia. Estas dúas diferéncianse en que a primeira implica a consecución do humor sen acción lóxica —de feito, é máis ben todo o contrario— e na segunda este efecto lógrase como resultado dunha motivación transparente e lexitimada. A comedia muda resulta máis entretida para as masas cá comedia falada porque na súa meirande parte o efecto cómico depende da acción rápida, e un suceso pode ocorrer e ser rido antes de que poida explicarse con palabras. Por suposto, a pantomima é dun valor incalculable tamén no drama porque é útil para graduar a transición da farsa ao patético ou da comedia á traxedia de xeito moito máis suave e convincente do que nunca poida conseguirse con palabras.

Baseo esta afirmación en observacións recentes. A súbita chegada do diálogo aos filmes está orixinando que moitos actores esquezan o elemental da arte da interpretación. A pantomima —sempre o crin e aínda o creo— é a primeira calidade para o éxito dun actor. Un actor verdadeiramente capacitado debe posuír unha sólida preparación sobre pantomima. Pénsese nos Irving, Coquelin, Bernhardt, Duse, Mansfield e Booth, e na raíz da súa arte atoparase a pantomima.

A miña personaxe permanece muda por propia elección. *Luces da cidade* está sincronizada e certos efectos sonoros son parte da comedia, mais é un filme mudo porque prefiro que sexa así, polas razóns que dei.

Publicado en *Contracampo. Revista de cine*, núm 13, xuño de 1980.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.